
A EVOLUCIÓN DE CALPURNIA TATE

Texto de JACQUELINE KELLY

Tradución de CARLOS ACEVEDO

Ilustración e portada de APRIL WARD

Encadernación rústica. 13 x 20 cm. 376 páx. 18 €.

ISBN 978-84-16721-16-0. Factoría K. Narrativa.

PREMIO NEWBERY HONOR 2010

BANK STREET-JOSETTE FRANK AWARD 2010


MELLOR LIBRO TRADUCIDO DE LIX 2013 (FERVENZAS LITERARIAS)

–Callie Vee –díxome–, téñoche unha cousa para ti. –Foi ata a súa mesa e sacou un caderniño forrado de coiro vermello que puña Recordo de Austin na tapa–. Mira –dixo–. Nunca o usei. Podes empregalo para anotares as túas observacións científicas. Ti vas para naturalista. E que era exactamente un naturalista? Eu non o tiña claro, pero decidín facer de naturalista o resto do verán. Se só consistía en ir anotando todo o que vía arredor de min, entón sabía facelo. Ademais, agora que tiña onde anotar todo, empecei a ver cousas nas cales non reparara antes. As primeiras anotacións que tomei foron sobre os cans. Por culpa da calor, quedaban deitados na terra coma se estivesen mortos...

“A evolución de Calpurnia Tate” conta a historia dunha nena de case 12 anos -a máis nova de sete irmáns- no seo dunha familia acomodada nunha pequena vila de Texas. Investigando nos libros da biblioteca e facendo ensaios nun pequeno laboratorio, achegárase á figura e aos descubrimentos revolucionarios de Charles Darwin.

Trátase dunha novela xuvenil, extensible ao interese dos lectores adultos, polo que se axusta ao concepto actual de *crossover*. Transcorre no ano 1899, unha época na que as nenas eran educadas para seren señoritas de boas maneiras e desenvolverse unicamente no fogar: cociñar, coser e limpar a casa eran as principais obrigas das mulleres nunha sociedade na que, o máis ocioso que se lles reservaba, era tocar o piano e comportarse con rigorosa corrección. A inconformista Calpurnia rebélase contra ese destino predeterminado para buscar a súa propia identidade e formarse segundo as súas inquiredanzas intelectuais e científicas: ir ao río, observar a natureza e recoller mostras que logo analizará coa axuda do seu avó librepensador, o único familiar que apoia a súa curiosidade polo mundo e que lle obsequia un exemplar de “A orixe das especies” e un caderno para que aprenda a aplicar o método científico ás súas observacións.

A obra -que ten continuidade no volume titulado “O curioso mundo de Calpurnia Tate”- tamén aborda cuestións do ámbito familiar, en especial a relación da protagonista cos irmáns: o amor e o desengano, as trasnadas xuvenís e os pequenos conflitos da vida cotiá.



-
- **Temática:** curiosidade científica, inconformismo.
 - **Idade recomendada:** lectores xuvenís e adultos.
 - **Aspectos destacables:** galardoada en 2010 co Premio Newbery Honor e co Bank Street-Josette Frank Award; cada capítulo comeza cunha cita de “A orixe das especies” de Darwin; familia, conflitos cotiás; evolución histórica do papel da muller na sociedade; da autora de [“O curioso mundo de Calpurnia Tate”](#) (Kalandraka).
-

Jacqueline Kelly

(Nova Zelanda, 1964)

Pasou a súa nenez en Canadá, país ao que se mudou coa súa familia ao pouco de nacer. Os bosques de Vancouver Island foron o escenario dos seus xogos infantís; unha experiencia que marcaría o seu apego ao medio natural. Actualmente vive en Texas, entre a cidade de Austin e a campiña de Fentress. Estudou Medicina en Galveston e Dereito na Universidade de Texas, exercendo tanto de doutora como de avogada durante varios anos antes de dedicarse á literatura. “A evolución de Calpurnia Tate” foi a súa primeira novela, publicada en 1999. A obra deseguida conseguiu o recoñecemento do público e da crítica: gañou o Premio Newbery Honor e o Bank Street-Josette Frank Award en 2010.

www.jacquelinekelly.com

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
